

**REHABILITACIÓN DE VARIAS OBRAS DE DRENAXE  
TRANSVERSAL  
NAS ESTRADAS PO-331 E PO-532**

### 1. Obxecto da actuación

O obxecto deste proxecto é a definición e valoración das actuacións necesarias para a reparación de dúas obras de drenaxe transversal (ODT's) situadas en:

- Na estrada PO-331, no punto quilométrico (PQ) 13+090, no concello de Gondomar, provincia de Pontevedra.
- Na estrada PO-532, no PQ 10+250, no concello de Ponte Caldelas, provincia de Pontevedra.

### 2. Plan de Estradas

As estradas **PO-331 Torneiros (PO-511)-Gondomar Oeste (PO-340)** e a estrada **PO-532 Pontevedra (N-541) - Ponte Caldelas ((PO-255)** pertencen a Rede Complementaria da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA).

### 3. Descrición da actuación

Para a rehabilitación das ODT's, dado o estado de degradación no que se atopan, dispórase un tubo de poliéster reforzado con fibra de vidro (PRFV), para canalizar as augas. Os tubos PRFV fábrícanse mesturando unha resina de poliéster termoendurecible de alta resistencia, area e fibra de vidro; esta mestura presenta un comportamento semirixido.

- PO-532: Na ODT actual se introducirá un tubo de PRFV por tramos de 3 m de lonxitude e de diámetro 1800 mm lixeiramente inferior ao existente e entre tramo e tramo incorporaranse manguitos de unión.
- PO-331: Escavaranse as terras sobre a ODT actual, cambiarase o tubo actual por un tubo de PRFV co mesmo diámetro de 800 mm e unha pendente un pouco menor que a actual e posteriormente repavimentarase o tramo de calzada afectado. Traballarase primeiro no carril esquerdo e unha vez finalizado este iniciaranse as obras do carril dereito. Tamén se repararán as gretas existentes no pavimento da calzada, instálase unha baixante tipo B2 que permita canalizar as augas desde a saída do tubo PRFV disposto na estrada PO-331 ata a parte inferior do noiro, instálase unha barreira de seguridade N2 na marxe esquerda da PO-331 e repórase a sinalización horizontal no tramo afectado na PO-331.

### 4. Características técnicas

#### Drenaxe:

- PO-532: colocase un tubo de PRFV de 1800 mm de diámetro (lixeiramente inferior o tubo actual) no interior da ODT existente e procederase a encherse o espazo entre ambos tubos con formigón fluído co fin de garantir o contacto de entre a ODT existente e a nova e proporcionar un selado hermético.

- PO-331: demolírase a parte da calzada situada sobre a ODT, colocase o tubo de PRFV de 800 mm de diámetro sobre unha cama de area que proporcionará un apoio firme, estable e uniforme o tubo. Unha vez colocado o tubo rechearase evitando que queden zonas con ausencia de material entre o recheo e o tubo e finalízase coa execución do paquete de firmes.

#### Firmes e pavimentos:

Na estrada PO-331 deberá repoñerse o paquete de firmes demolido coa seguinte sección:

Sobre unha capa de 40 cm de saburra artificial colocase unha capa base de 11 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC32 base S, e sobre esta unha capa de rodadura de 5 cm de MBQ tipo AC16 surf S. Coas correspondentes regas de imprimación e adherencia entre as distintas capas.

### 5. Poboación Servida (INE 2024)

|              |                    |                |            |
|--------------|--------------------|----------------|------------|
| Gondomar     | 15.066 hab.        | Ponte Caldelas | 5.609 hab. |
| <b>Total</b> | <b>20.675 hab.</b> |                |            |

### 6. Concellos Afectados

Gondomar e Ponte Caldelas

### 7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 6 parcelas , 4 no concello de Gondomar e 2 no concello de Ponte Caldelas

|                       |                |
|-----------------------|----------------|
| Ocupación temporal    | 44,02 €        |
| Premio de afección 5% | 2,20 €         |
| <b>Total</b>          | <b>46,22 €</b> |

### 8. Prazo de execución

O prazo previsto de execución das obras é de CATRO (4) meses.

### 9. Orzamentos

|                                              |              |
|----------------------------------------------|--------------|
| Orzamento Base de Licitación (c/IVE)         | 304.265,67 € |
| Orzamento expropiacións                      | 46,22 €      |
| Orzamento para coñecemento da administración | 304.311,89 € |


### 10. Orzamento por concello e estrada

| Concello       | OBL (c/IVE)  | Estrada | Porcentaxe |
|----------------|--------------|---------|------------|
| Gondomar       | 106.492,99 € | PO-331  | 35 %       |
| Ponte Caldelas | 197.772,68 € | PO-532  | 65 %       |

## PLANO DE SITUACIÓN




## SECCIONES TIPO



### FASE 3

- RELLENO DE ESPACIO INTRAANULAR CON HORMIGÓN FLUIDO EN CUATRO TONGADAS
- RETIRADA DE DESVÍO PROVISIONAL Y ATAGÜAS



### FASE 6

- RELLENO DE TERRAPLEN CON MATERIAL PROCEDENTE DE LA EXCAVACIÓN PREVIA
- INSTALACIÓN DE SISTEMA DE CONTENCIÓN EN MARGEN DE CALZADA SOBRE BOCA SUR
- INSTALACIÓN DE ESCOLLERA Y BAIANTE TIPO B2